



COSTA DE NARÓN

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: 9 km (lineal) na costa da ría
5,5 km (lineal) na costa exterior por pistas de terra
+ 15 km de enlace

Dificultade: media

O litoral do concello de Narón ten dúas partes separadas e de características contrarias: un tramo de case 5 km na costa exterior, na Costa Ártabra, exposto, con cantís de máis de 50 m de altura, que superan en varios puntos os 100 m, e de difícil acceso; e o outro duns 7 km no fondo da ría de Ferrol, na marxe dereita do esteiro do río Grande de Xuvia, recollido, con cantís de xistos de ata 10 m de altura, coas partes baixas de cascallo e lama, e tramos alterados por recheos na área urbana. Tanto un coma o outro están mal comunicados por atoparse afastados de áreas habitadas, a non ser na contorna de Xuvia e no polígono da Gándara.

As principais actividades son a industria e os servizos. Conserva importantes restos etnográficos (muíño de vento, muíño de marea, muíños hidráulicos) e histórico-artísticos (igreja de San Martiño).

A costa exterior está protexida no LIC "Costa Ártabra".



- 1-Río Xuvia
- 2-Paseo marítimo de Xuvia
- 3-Esteiros dos regos de Santa Icíe e do Salgueiro. Acea.
- 4-Punta Outeiro
- 5-Punta de San Martiño
- 6-Praias do Vilar
- 7-Punta Caleira.
Ancoradouro de Lóngara
- 8-Enseada da Gándara
- 9-Rego Marixosa
- 10-Punta Ferruxeda
- 11-Praia do Casal
- 12-Punta Corveiro
- 13-Punta do Castelo
- 14-Espiñaredo
- 15-Pena Lopesa



PERCORRIDO

O percorrido en coche da parte exterior pódese facer con vehículo todoterreo desde Os Vilares (por un desvío da estrada que vai de Ferrol a Valdoviño) a Cobas (Ferrol), e o interior desde a Gándara á ponte de Xuvia por estradas interiores pero sen apenas puntos de achegamento á beira do mar a non ser unha baixada no Vilar, outra ao pé da igrexa de San Martiño e unha última preto da Acea, Antes de rematar no paseo marítimo de Xuvia.



1-Río Grande de Xuvia. Nace nos montes de Serra en terras das Somozas e, despois de 31 km, desemboca na Ría do Ferrol, entre Narón (Xubia) e Neda.



2-Paseo marítimo de Xuvia



RÍA DE FERROL

Está limitada polo cabo Prioriño no norte e a punta da Coitelada no sur. Acada 17 km de lonxitude e 2 km de largor medio. É unha ría con dúas partes ben definidas: unha canle de entrada estreita coas beiras escarpadas e un interior amplo con varias enseadas. Na parte interior ten unha gran acumulación de sedimentos lamacentos. O río principal que a alimenta é o Grande de Xuvia. Tamén desembocan nela o río Bellele e outros pequenos regos.

As rochas dominantes son granitos na zona da boca e xistos no interior.

É unha ría dunha grande riqueza biolóxica que está densamente poboada e con grande actividade industrial.



Muíño na desembocadura do río Xuvia



Desembocadura do río Xuvia



Paseo marítimo de Xuvia e ponte peonil que o une con Neda



3-Esteiro dos regos de Santa Icia



Acea de Xuvia. Muíño de mareas construído a finais do século XVIII. Foi nomeado Real Fábrica por Carlos IV e funcionou como muíño industrial ata 1970.



4-Punta Outeiro (ao fondo)



5-Punta de San Martiño



A Oliveira



6-Praias do Vilar



Ancoradouro de Lóngara



7-Punta Caleira.




8-Enseada da Gándara



9-Rego Marixosa




10-Punta Ferruxeda
Destaca un filón de cuarcita entre as rochas máis escuras (xistos e metavulcanitas)



Punta Ferruxeda




11-Praia do Casal



12-Punta Corveiro




13-Punta do Castelo



14-Espiñaredo, Nesta zonas os cantís caen case verticais nunha zona sen acceso posible



Espiñaredo



15-Pena Lopesa, un illote moi achegado a terra cunha pequena praia. Neste illote houbo un castro poboado entre os séculos I a.C. e I d.C. Conta unha lenda que había un rei que vivía nun castelo sobre a rocha e nel había un gran tesouro envexado por todos os veciños. Como non podían atacar o castelo tentaron pillar ao rei mentres ía cazar, pero el deuse conta e ferrou o cabalo do revés para enganalos. Logo tentárono rodeando o castelo, pero o rei resistiu moito tempo porque tiña comida abondo. Cando se lle estaba rematando a comida o rei atreu bandos de aves botándolle millo, pero os inimigos pensaron que era un mago e nunca máis o amolaron.